# Absuelt@s de la 'Operación Jaro': La solidaridad, pieza clave para la derrota del montaje policial'

COLETIVO D@S INDEPENDENTISTAS GALEG@S PROCESSAD@S POLA OPERACIÓN JARO :: 26/12/2020

Independentistas Galeg@s procesad@s en la Operación Jaro:'Expresamos nuestra firme intención de seguir trabajando por todo lo que provocó nuestro proceso'

**[Galego]**

**Declaraçom d@s independentistas galeg@s processad@s no juízo da 'Operación Jaro' perante a sentença da 'Audiencia Nacional'**

Os independentistas galegos e galegas que fomos julgadas como resultado da montagem policial conhecida como *Operación Jaro* queremos fazer pública a seguinte declaraçom perante a publicaçom da sentença que nos exime das gravíssimas responsabilidades penais que nos atribuiu a *Guardia Civil*, a prática totalidade dos meios de comunicaçom —a começar por *La Voz de Galicia* e a TVG—, a Fiscalia da Audiencia Nacional e que contou com a cobertura de PP, PSOE, *Vox* e *Ciudadanos*:

A sentença evidencia o que já era *vox populi*: que a *Guardia Civil*, comandada por Jorge Fernández Díaz, Francisco Martínez e Arsenio Fernández de Mesa, organizou desde 2015 umha **montagem policial destinada a encarcerar independentistas galegos num processo de exemplarizaçom repressiva, criminalizar um projeto político e a solidariedade com os presos e presas políticas e ilegalizar duas organizaçons independentistas**. Embora é evidente que um tribunal de exceçom política, como é a *Audiencia Nacional*, nem imparte justiça, nem dá ou quita razons, hoje logramos fazer retroceder umha ofensiva da repressom que pretendia dar um salto qualitativo como era o encarceramento de militantes que desenvolvem o seu labor na legalidade e a ilegalizaçom de Causa Galiza e Ceivar. O objetivo foi alcançado plenamente.**Manifestamos a nossa firme intençom de seguir a trabalhar por todo aquelo que provocou o nosso processo**: a luita pola independência nacional da Galiza e a solidariedade com os presos e presas políticas galegas. Hoje, mais do que sempre, afirmamos que "sermos independentistas nom e delito"; que, aliás, a independência nacional é a única alternativa possível para o desastre político, económico, social e ambiental a que nos dirige o Reino de Espanha, e que devem sair para a rua todas as pessoas encarceradas pola sua militáncia política.Lembramos neste momento que **a prática totalidade dos meios de comunicaçom que operam na Galiza "julgárom" as pessoas processadas, sem direito à defensa, vulnerando a sua presunçom de inocência e ditando umha sentença jornalística durante cinco longos anos**. *La Voz de Galicia* e a TVG, como máximos difussores do relato da *Guardia Civil*, deveriam hoje pedir perdom publicamente por titulares e informaçons que algum dia se estudarám nas faculdades de jornalismo como exemplo da submissom aos ditados policiais e a intoxicaçom mediática. Se bem corrérom rios de tinta para criminalizar o nosso coletivo, jamais fomos contactadas. Hoje, repetindo o provérbio popular, podemos dizer que é óbvio que nenhum cam trava a mão que lhe dá de

comer. Reservamo-nos a partir de agora o direito a atuar penalmente contra os meios de comunicaçom implicados nesta campanha de repressom política.A **solidariedade foi, na nossa opiniom, umha peça chave para a derrota da montagem policial**: pola sua amplitude e pluralidade, e pola sua intensidade, fijo com que o poder judicial espanhol aliado com a extrema direita nom ousasse dar luz verde aos encarceramentos e às ilegalizaçons. Hoje podemos dizer com satisfaçom que a *Guardia Civil*, a *Audiencia Nacional* e o entramado mediático servil à *guerra* contra o independentismo galego ficárom mais espidos, que a consciência política sobre o tipo de Estado em que estamos integrados é mais forte na sociedade galega e que a solidariedade desbordou os marcos da identificaçom político-ideológica e partidária e marca um caminho a continuar no futuro.

Seguimos e seguiremos incansavelmente a desenvolver aquelas tarefas que provocárom esta montagem policial: a luita pola independência nacional e a solidariedade com todas as pessoas retaliadas por este compromisso irrenunciável. A luita continua.

Coletivo d@s Independentistas Galeg@s Processad@s pola *Operación Jaro*

**[Castellano]**

**Declaración de l@s independentistas Galeg@s procesados en el juicio de 'Operación Jaro' ante la sentencia de la 'Audiencia Nacional'**

Los independentistas gallegos y gallegas que fueron juzgados como consecuencia del *montaje* policial conocido como *Operación Jaro* quieren hacer público el siguiente comunicado ante la publicación de la sentencia que nos exime de las gravísimas responsabilidades penales que nos atribuye la *Guardia Civil* , la práctica totalidad de los medios de comunicación – empezando por *La Voz de Galicia* y TVG—, la Fiscalía de la Audiencia Nacional y que contó con la cobertura de PP, PSOE, *Vox* y *Ciudadanos* :

1. La sentencia destaca lo que ya era *vox populi* : que la *Guardia Civil* , liderada por Jorge Fernández Díaz, Francisco Martínez y Arsenio Fernández de Mesa, organizó desde 2015 un montaje destinada a encarcelar a los independentistas gallegos en un proceso de ejemplarización represiva, criminalizando un proyecto político y solidaridad con los presos y presos políticos e ilegalizar dos organizaciones independentistas . Aunque es evidente que un tribunal de excepción política, como es la *Audiencia Nacional*, ni imparte justicia, ni da ni quita razones, hoy logramos dar marcha atrás a una ofensiva de la represión que pretendía dar un salto cualitativo como fue el encarcelamiento de militantes que desarrollan su labor en la legalidad y la ilegalización de Causa Galiza y Ceivar. El objetivo se logró plenamente.
2. Expresamos nuestra firme intención de seguir trabajando por todo lo que provocó nuestro proceso : la lucha por la independencia nacional de Galicia y la solidaridad con los presos políticos gallegos. Hoy más que nunca afirmamos que "ser independentista no es delito"; que, de hecho, la independencia nacional es la única alternativa posible al desastre político, económico, social y medioambiental al que nos enfrenta el Reino de España, y que todas las personas encarceladas por su militancia política deben salir a la calle.
3. Recordamos en este punto que la totalidad de los medios de comunicación que operan en Galicia «juzgaron» a las personas procesadas, sin derecho a la defensa, socavando su

presunción de inocencia y dictando una sentencia periodística de cinco largos años . *La Voz de Galicia* y TVG, como principales difusores del informe de la *Guardia Civil*, hoy deben pedir públicamente perdón por los titulares e información que algún día será estudiada en las facultades de periodismo como ejemplo de sumisión a los dictados policiales y la intoxicación mediática.si bien corrieron ríos de tinta para criminalizar a nuestro colectivo, nunca nos contactaron. Hoy, repitiendo el refrán popular, podemos decir que es obvio que ningun perro muerde la mano que le da de comer. Ahora nos reservamos el derecho de emprender acciones penales contra los medios involucrados en esta campaña de represión política.

4. La solidaridad fue en nuestra opinión, una pieza clave para la derrota del montaje policial : por su amplitud y pluralidad, y por su intensidad, tanto que con el poder judicial español aliado con la extrema derecha no se atreviaren a dar luz verde al encarcelamiento y la ilegalizaciones. Hoy podemos decir con satisfacción que la *Guardia Civil* , la *Audiencia Nacional* y los medios serviles atrincherados en la *guerra* contra la independencia gallega han quedado desnudos, que la conciencia política del tipo de Estado en el que estamos integrados es más fuerte en la sociedad gallega y que la solidaridad volcó los hitos de la identificación político-ideológica y partidaria y marca un camino a seguir en el futuro.

Seguimos y seguiremos sin descanso para desarrollar aquellas tareas que motivaron este montaje policial: la lucha por la independencia nacional y la solidaridad con todas las personas represaliadas por este compromiso inquebrantable. La lucha continúa.

Coletivo d@s Independentistas Galeg@s Processad@s pola *Operación Jaro*

---

*https://galiza.lahaine.org/absuelt-s-de-la-operacion*